

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 20 DE XANEIRO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/2507/2008.- PEREZ ANTOLIN, S. L.**, representada por D. José L. Pérez Antolín.- Legalización das modificacións executadas no transcurso da obra de construción dunha nave na parcela 102 do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella e a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de outubro de 2.006.

**Lic/2426/2007.- Carlos Tejo Nande.-** Vivenda unifamiliar en Redondelo –Marrozos.

**Lic/2267/2008.- Transportes Mosquera, S. L.-** Legalización do bloque representativo da nave existente no Polígono do Tambre, Vía Diesel, parcela 17 R.

#### PRÓRROGA.-

**Lic/15/2009.- Francisco Javier González Budiño.-** Construción dunha vivenda unifamiliar no Castiñeiriño nº 41.

**2 a 165.-** **Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, na taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e na taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concéndense os devanditos beneficios.

**166.-** **Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á contratación dunha asistencia técnica para a realización dunha auditoría dos novos proxectos cofinanciados polo FEDER.**

Adxudícase a asistencia técnica para a realización dunha auditoría dos proxectos de obras do Concello cofinanciados con fondos europeos procedente do FEDER dentro do Programa Operativo Local á empresa ÁLVAREZ Y ASOCIADOS, SLU co seguinte prezo: 2.375 euros por auditoría de cada proxecto rematada para un total de 7 proxectos (16.625 euros).

Proxectos finalizados: rexeneración do Monte de Dios; acondicionamento de Pozo da Neve; acondicionamento de Moas de Arriba; reurbanización da rúa Ramón Cabanillas; renovación de pavimentos nas rúas Lino Villafinez e Modesto Brocos; reurbanización do tramo de San Pedro de Mezonzo comprendido entre a transversal de Diego de Muros e a Praza Roxa; a reurbanización do tramo de Fernando III el Santo comprendido entre república de Arxentina e a Rosa.

**167.-** **Deixar deserto do contrato de Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de SALGUEIRIÑOS, reservado a centros especiais de emprego en aplicación do disposto na Disposición Adicional Séptima da Lei de Contratos do Sector Público e inicio dun novo expediente.**

Acórdase deixar deserto o procedemento por non presentarse ningunha oferta e proceder ao inicio dunha nova contratación, por procedemento aberto, co mesmo prego de cláusulas administrativas, establecéndose un tipo de licitación de 76.381, 34 euros (máis 16%de IVE).

**168.-** **Renovación das autorizacións de venda ambulante no Mercado de Salgueiriños para o ano 2009 e as baixas.**

Procédese á renovación das autorizacións de venda ambulante para o ano 2009, e facilítase a tarxeta expedida ao efecto.

**169.-** **Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento para acometer traballos xerais de mantemento a realizar nas instalacións escolares.**

Apróbase un orzamento de 18.000 euros para traballos xerais de mantemento a realizar nas instalacións escolares.

**170.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude de validación por parte da Unidade administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo das medidas municipais de conciliación actualmente en vigor no Concello: Programa canguros e becas de comedor escolar.**

Solicítase a validación, requisito necesario a efectos de solicitar a subvención para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo na cidade e plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais.

**171.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á rectificación de erro no acordo número 6 da Xunta de Goberno Local de data 16.12.2008.**

Rectifícase o erro relativo ao andar correspondente a dous pisos obxecto da subvención.

**172.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da realización do II Campionato CROSS DE GALICIA.**

Apróbase a realización do devandito campionato, que terá lugar o vindeiro domingo 1 de febreiro, así coma un gasto por valor de 15.400 euros.

**173.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á concesión de incentivos por xubilación anticipada.**

Apróbase a concesión de incentivos por xubilación anticipada para dous traballadores do Concello.

**174.- Aprobación de proxectos e remisión de solicitudes de obras a incluír no Fondo Estatal de Inversión Local. (RD Lei 9/2008, de 28 de novembro).**

Apróbase a realización de 6 proxectos.

**175.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) e Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) en San Lázaro.**

Apróbase inicialmente a modificación puntual do PERI-5 do Plan parcial do SUNP-6, solicítase á Consellería de Medio Ambiente a declaración de innecesariedade de someter o Plan ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica; a modificación inicial aprobada someterase a información pública durante o prazo dun mes; e apróbase a proposta de convenio urbanístico de execución do novo planeamento.

**176.- Proposta da alcaldía relativa ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e o administrador de infraestruturas ferroviarias, para a remodelación da estación ferroviaria de Santiago de Compostela e a actuación urbanística na súa zona de influencia.**

Toma de coñecemento do convenio.

**177.- Aprobación do proxecto de orzamentos municipais para o 2009 e cadro de persoal.**

Toma de coñecemento do proxecto de orzamentos.

**178.- Dar conta da sinatura da 2ª addenda ao convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello para a creación de tres escolas infantís municipais integradas na rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (Galescolas).**

Dáse conta da sinatura da devandita addenda que modifica a cláusula relativa ao procedemento do pagamento. O Convenio asinouso o pasado día 26 de decembro de 2006 cun orzamento de 1.657.004 euros.

## URXENCIAS

- Solicítase á Deputación unha subvención por importe de 3.450 euros para o desenvolvemento dun proxecto de saúde e de calidade de vida "Mente Activa".

- apróbanse as bases reguladora da selección dos comercios que serán homenaxeados na IV Gala do Comercio Compostela Capital de Compras.

- apróbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación do servizo de implementación do proxecto municipal de Educación en rúa, a desenvolver no ámbito territorial e social de referencia do Punto de Atención de Servizos Sociais en Fontiñas.